

Novo pacto de contención salarial e empobrecemento dos convenios

POR terceiro ano consecutivo CCOO e UGT veñen de asinar cos empresarios en Madrid o Pacto Confederal para a Negociación Colectiva, dándolle forma a unha cesión de salarios da clase traballadora a favor das empresas.

Este acordo de contención salarial pacta incrementos, para que os convenios que se negocien durante o ano 2004, tomando como referencia o IPC previsto do 2% e a revisión salarial a final do ano, condicionando calquer incremento superior á produtividade. No pasado 2003, preto do 25% dos convenios en Galiza, non aseguraron sequera o IPC real como consecuencia deste Pacto, confirmando un retroceso salarial que coa aplicación do euro empobrece cada ano a capacidade adquisitiva da clase traballadora.

Se observamos estes datos proporcionados polo INE sobre a evolución da renda dos asalariados en Galiza dende o ano 1981, deixaranos en evidencia as “bondades” desta política de contención salarial, comprobando como con menos traballadores o peso dos salarios no PIB galego era 11 puntos mais alto que agora.

Evolución da renda dos asalariados		
Ano	Asalariados	Renda
1981	47,25%	62,06%
2001	70,62%	51,33%

A maiores consolídase un pacto que entrega salarios a cambio de nada, pois non se acordan medidas contra a precariedade, os abusos no exceso da xornada laboral, estabilidade na contratación, non discriminación nos casos de xénero e mocidade, garantía na aplicación dos convenios, a saúde laboral etc. Nestes dous anos anteriores o resultado deste Pacto foi a intensificación no deterioro das condicións de traballo, un gran favor para as empresas e un sacrificio mais para todos e todas que viven do traballo.

Este modelo sindical fomentado polas direccións de UGT e CCOO, reincide nunha práctica distante da realidade social, que non ten en conta a opinión e participación dos traballadores e traballadoras, precisamente os afectados polas medidas que pactan. No caso de Galiza acentúan o noso problema de baixos salarios, e como consecuencia baixas pensións, paro, invalideces, indemnizacións, etc..

Acompañando esta medida de perda salarial, o Goberno do PP como representante da dereita española, fixa o salario mínimo para o ano 2004 novamente sobre o IPC previsto do 2% (460,50 €/mes), incumprindo os criterios fixados ao respecto no Estatuto dos Traballadores. O Goberno español é o primeiro infractor da lexislación en perxuro das clases sociais mais necesitadas, os que perciben ingresos en función do salario mínimo como son os traballadores e traballadoras sen convenio colectivo, os parados e paradas con determinadas prestacións ou subsidios de desemprego e as pensións mínimas. Como podemos ver sofren esta medida as economías mais modestas, que nos últimos quince anos perderon preto do 20% en relación co IPC, situando esta renda por debaixo do umbral de pobreza estimada pola UE

Faise mais clamorosa a insolencia destes pactos de contención e as medidas do Goberno español no salario mínimo, cando comprobamos os resultados na bolsa do 2003, batendo os niveis de ganancias dos últimos 20 anos. Son as excelencias da política neoliberal do PP e o colaboracionismo sindical, que transfere a renda da clase traballadora á valores financeiros e especulativos para o gran capital.

Dende a CIG manifestamos con rotundidade a nosa oposición a estas iniciativas e Pactos declaradamente antisociais e contrarios ó interese da clase traballadora e que no caso galego aínda reduce máis as nosas rendas a respecto da media do estado. A nosa belixerancia a estes acordos porémola de manifesto en todos os convenios onde a CIG teña unha importante presenza, buscando a superación dos límites salariais impostos neste pacto estatal para a negociación colectiva mellorando todos aqueles aspectos que incidan na loita contra a precariedade e respecto as normas do convenio.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com